

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 9 setembro de 2009 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Galego de Promoción Económica no segundo cuadrimestre de 2009.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), establece que as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia deberán publicar cuadrimestralmente no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración asinados no cuadrimestre anterior.

Polo que antecede, en virtude das facultades que teño concedidas,

RESOLVO:

Único.-Facer pública a relación dos convenios subscritos polo Instituto Galego de Promoción Económica nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2009, que se anexa a esta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

ANEXO

Convenio	Data da sinatura	Importe € 2009
Convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, Dirección General de Política de la Pequeña y Mediana Empresa e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para a realización da IV xornada Día Emprendedor en maio de 2009.	18-5-2009	Sen achega económica
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a sociedade CEEI Galicia (BIC Galicia) para a promoción do programa Galacteaplus.	11-6-2009	Sen achega económica
Prórroga ao Convenio de colaboración entre o Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), a Federación de Industrias de Alimentación e Bebidas (FIAB) e diversas institucións representativas das comunidades autónomas para o desenvolvemento dun plan de promoción de produtos agroalimentarios en China.	11-6-2009	13.889
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas, para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia.	6-7-2009	Sen achega económica
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Empresa Universidade Galega para o desenvolvemento do proxecto Ferrolterra Excelencia Hostaleira (FEHO-5s).	20-7-2009	80.500

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Corrección de erros.-Orde do 9 de setembro de 2009 pola que se convocan para a elección de destino provisional os/as aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de biólogos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007.

Advertido un erro na orde antes referida, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 181, do 15 de setembro de 2009, compre facer a seguinte corrección:

Na páxina 14.776, na columna de titulación do posto que figura como número 1 no anexo da orde, onde di: «Lic. Biolóxicas. Lic. ciencias do mar», debe dicir: «Lic. Biolóxicas».

Resolución do 14 de setembro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas da información, convocado pola Orde do 21 de novembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia número 234, do 2 de decembro), pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 14 de setembro de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 7 de setembro de 2009 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de xestión de sistemas da información, acordou, de conformidade co disposto na base III.9 da convocatoria, que o primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 24 de outubro de 2009, no auditorio do recinto feiral de Silleda, en chamamento único que se iniciará ás 16.00 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo do tribunal, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2009.

Jaime Barros Leboreiro
Presidente do tribunal